

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 12 de xaneiro de 2007 pola que se crean as xuntas liquidadoras dos padroados para a mellora do medio rural.

O Decreto 109/2006, do 30 de xuño, polo que se derroga o Decreto 218/1987, do 23 de xullo, polo que se regula a nova estrutura dos padroados para a mellora do medio rural, suprime os padroados provinciais para a mellora do medio rural. No desenvolvemento do dito decreto faise necesaria a constitución dunha comisión liquidadora en cada provincia, para o libramento das axudas xa concedidas e devolución dos anticipos e préstamos por amortizar no momento da entrada en vigor do citado Decreto 109/2006, do 30 de xuño.

A disposición derradeira primeira do Decreto 109/2006, do 30 de xuño, faculta o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do dito decreto.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Xuntas liquidadoras.

Créanse as xuntas liquidadoras dos padroados para a mellora do medio rural das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que se constituirán no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor desta orde, coa composición que se establece no artigo seguinte.

Artigo 2º.-Composición e réxime xurídico.

1. As xuntas liquidadoras dos padroados para a mellora do medio rural estarán compostas polos seguintes membros:

O delegado/a provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que actuará como presidente/a, o secretario/a da mesma delegación provincial e un/unha funcionario/a designado polo dito delegado/a que actuará como secretario/a.

2. As xuntas liquidadoras axustarán o seu funcionamento ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Artigo 3º.-Funcións.

1. As xuntas liquidadoras realizarán todas as actuacións necesarias para o libramento das axudas concedidas e devolución de anticipos e préstamos por amortizar, pendentes no momento de entrada en vigor do Decreto 109/2006, do 30 de xuño, imputándose os correspondentes pagamentos e cobramentos á Facenda da comunidade autónoma.

2. Unha vez efectuada a liquidación, renderán a súa conta xustificativa á Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que procederá ao exame e, se é o caso, á súa aprobación.

3. As xuntas liquidadoras disolveranse no momento en que a conta xustificativa sexa obxecto de aprobación.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Corrección de erros.-Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia.

Advertido un erro no Decreto 157/2006, do 7 de setembro, de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 181, do 19 de setembro de 2006, procédese a efectuar a seguinte rectificación:

No anexo Entidades de poboación polas que discorre o Camiño Francés de Santiago, no concello de Sarria, onde di: «...Vigo de Sarria. San Miguel...», debe dicir: «...Vigo de Sarria. Zona histórica de Sarria. San Miguel...».

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS:****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Decreto 1/2007, do 18 de xaneiro, polo que se nomea delegada provincial da Coruña a Aurora Moinelo Paradela.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaioito de xaneiro de dous mil sete,

Nomeo delegada provincial da Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a Aurora Moinelo Paradela.

Santiago de Compostela, dezaioito de xaneiro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza